

XORNADA DIVULGATIVA.

PROXECTO PARA A XESTIÓN E CONSERVACIÓN DAS ÁREAS COSTEIRAS DO ÁMBITO DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE BAIONA (PE209C - 2019F – 023) (Proxecto Colectivo)

*Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. Programa operativo español 2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 -
OE1.b) - medida 121]
OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro*

Orde do 26 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2019, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así coma ao fomento da sensibilización ambiental.

O artigo 5 da citada orde de obrigas das entidades beneficiarias, no seu punto 2. i) establece a obriga de dar a adecuada publicidade ao carácter público da financiación da inversión realizada, con expresa mención á participación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). E, en concreto, establece que durante a realización da operación, o beneficiario **informará ao público** do apoio obtido dos fondos:

1º. Facendo unha breve descrición da operación no sitio de Internet, no caso que dispoña dun, incluíndo os obxectivos e destacando o apoio financeiro da Unión. A descrición deberá permanecer durante todo o período de execución do proxecto e, aló menos, ata a data do pago.

2º. Colocando un cartel con información sobre o proxecto (tamaño mínimo A3), no que se mencionará o apoio financeiro da UE, en un lugar facilmente visible para el público, deberá permanecer durante todo o período de execución do proxecto e, aló menos, ata a data do pago final da axuda.

3º. A entidade organizará, aló menos, unha **xornada informativa**, para divulgar o proxecto subvencionado.

Por motivo do estado de alarma e das restricións sociais asociados ao mesmo, a xornada informativa, coma actividade que leva aparelado un acercamento social, non pode ser executada coma inicialmente se tiña previsto. A instrución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, do 22 de maio de 2020, propón que poida substituírse dita xornada informativa por outras fórmulas (correos electrónicos masivos, reunións informativas de grupos reducidos, folletos dixitais_web, videoconferencias, etc.) que igualmente garantan unha divulgación do proxecto. **Esta publicación web cumpre este obxectivo.**

PROXECTO PARA A XESTIÓN E CONSERVACIÓN DAS ÁREAS COSTEIRAS DO ÁMBITO DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE BAIONA (PE209C - 2019F – 023) (Proxecto Colectivo)


Período de execución: do 01 de xullo do 2019 ao 30 de xuño de 2020.

CUSTO TOTAL APROX. DO PROXECTO (Contratación de persoal para servizo de vixilancia e asistencia técnica): 199.000,00€

IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA: 119.600,00 euros



OBXECTIVOS:

- VIXILANCIA/CONTROL DE ACCESO AO RECURSO NOS BANCOS MARISQUEIROS (PREVENCIÓN FURTIVISMO E CUMPRIMENTO NORMATIVA DE XESTIÓN).
- XESTIÓN DE ZONAS MARISQUEIRAS (SEGUIMENTO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NOS PLANS DE XESTIÓN E DO ESTADO AMBIENTAL NO ÁMBITO TERRITORIAL)



CONFRARÍA DE PESCADORES DE BAIONA. ÁMBITO TERRITORIAL/ZONA
ACTUACIÓN PROXECTOS PE209C






O proxecto ten coma finalidade contribuír á xestión e conservación dos recursos mariños vivos do ámbito territorial, fomentando unha pesca sustentable, eficiente no uso dos recursos e baseada no coñecemento. Ademais recolle o compromiso de toma estandarizada de información relacionada co estado de conservación e biodiversidade das zonas marisqueiras.

As principais funcións asociadas ao proxecto son:

- Control do furtivismo e do acceso ás zonas de pesca.
- Elaboración e seguimento dos plans de xestión.
- Avaliación das poboacións dalgúns dos recursos mariños vivos explotados mediante estes plans.
- Seguimento da actividade extractiva nos bancos marisqueiros.
- Recompilación de datos vinculados ó estado ambiental dos paraxes da Rede Natura 2000 e doutras zonas de interese marisqueiro.
- Contribución á vixilancia epidemiolóxica, co envío de mostras para a análise do estado sanitario das augas e dos recursos marisqueiros.





VIXILANCIA.

Os gardapescas contratados pola confraría desenvolven actuacións de control do furtivismo e de protección dos recursos mariños vivos da zona do proxecto ao longo de todos os días do ano. Ademais participan activamente na supervisión do cumprimento das normas en materia de extracción e comercialización de recursos mariños (puntos de control, pesca deportiva, ...)

Ao longo do período cuberto polo proxecto a confraría mantivo contratado un equipo composto de entre 6 e 8 vixilantes profesionais.

CONFRARÍA DE PESCADORES DE BAIONA. REDE DE ESTACIONES DE MOSTRAXE PARA INTECMAR (SEGUIMENTO DO ESTADO SANITARIO DE AUGA E DAS ESPECIES MARISQUEIRAS)



ID	X	Y
Aug + Pto	512724	4663142
BIOTOX. I	512871	4663283
BIOTOX. II	512598	4663226
MICROB. II	513619	4662569
MICROB. I	514706	4662820
HIDROC.	514791	4662789
BIOTOX. III	514940	4663060
CQUA	512878	4662854
PATOLOX. BERR	514749	4662762
PATOLOX. MEX	514633	4663131
BIOTOX. IV	513063	4663621



José Antón Carbajal Novillo (I. T. C. P. Baiona)



XESTION.

Entre outros, o servizo de asistencia técnica contratado pola entidade, abordou as seguintes funcións no marco do proxecto:

- SEGUIMENTO BEA_DMED (recollida de información do medio e dos recursos que o habitan, para avaliación estado conservación e biodiversidade)
- CARTOGRAFÍA DE ESPECIES MARISQUEIRAS E DE ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS.
- SEGUIMENTO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA E DE RECURSOS BIOLÓXICOS (Capturas/esforzos pesqueiros no marco dos plans de xestión)
- ENVÍO DE MOSTRAS PARA ANÁLISE DO ESTADO SANITARIO DE BIVALVOS.

ALGÚNS EXEMPLOS DOS RESULTADOS DESTE APARTADO DO PLAN RESÚMENSE NA CARTOGRAFÍA QUE SE XUNTA A CONTINUACIÓN:

Seguimento da actividade extractiva:




ZONA	BANCO/PTOT 19
Ó BOI	ZONA 1 368
ROMPELOS	ZONA 1 30
RAPACARALLOS	ZONA 1 178
BOMBARDEIRA	ZONA 1 158
ROCAMAR	ZONA 1 234
ARCOURIA BALEAR	ZONA 1 54
Ó PESO	ZONA 1 73
AGUIEIRA	ZONA 1 175
CARVAL	ZONA 1 217
FARO VELLO	ZONA 2 398
NEGRAS	ZONA 2 184
CURCHALES	ZONA 2 115
BARXAS PORTO AREA	ZONA 2 10
NAIS	ZONA 2 162
CENTINELA	ZONA 2 156
COSTADEZA	ZONA 3 246
PITA TRES TUI VERDE	ZONA 3 153
AGURCHEROS LAVANDEIRA	ZONA 3 288
AREALES PUNTA CANIDO	ZONA 3 96
A LONGA SARTAXES	ZONA 3 150
FIGUEIRA CUMBEIRO	ZONA 3 161
ORELUIDAS	ZONA 3 177
Z3 PLAN CONXUNTO	ZONA 3 19
Z2 PLAN CONXUNTO	ZONA 2 43
XAN BRANCO	ZONA 2 117



Seguimento de especies alóctonas invasoras:

SEGUIMENTO DA PRESENZA DE ESPECIES ALÓCTONAS AO LONGO DO ANO 2019 (PLAN ESPECÍFICO DE LIBRE MARISQUEO DA RÍA DE VIGO E PLANS DE XESTIÓN DE BAIONA)



alóctonas 19.1 LM r vigo

- * *Crepidula fornicata*
- * *Creppatella dilatata*
- * *Cyclope neritica*
- * *Sargassum muticum*

alóctonas baiona_19

- * *Asparagopsis armata*
- * *Crassostrea gigas*
- * *Crepidula fornicata*
- * *Creppatella dilatata*
- * *Sargassum muticum*
- * *Undaria pinnatifida*

